

CONVOCATORIA DAS PROBAS PARA A OBTENCIÓN DOS CERTIFICADOS ACREDITATIVOS DOS NIVEIS DE LINGUA GALEGA CELGA 1, 2, 3 E 4 NO ANO 2023. CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES.

PERSOAS DESTINATARIAS.

As persoas maiores de dezaseis anos ou que os fagan no ano natural da convocatoria, nacionais ou estranxeiras.

DATAS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS.

As probas dos distintos niveis Celga terán lugar en maio/xuño de 2023, sempre que ningunha circunstancia excepcional o impida.

As datas concretas serán debidamente publicadas no Diario Oficial de Galicia, así como na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>).

Localidades onde se van realizar as probas e niveis.

Santiago de Compostela: Celga 1 Celga 2 Celga 3 Celga 4

Ponferrada: Celga 2 Celga 3 Celga 4

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO:

As persoas que desexen inscribirse nas probas Celga deberán cubrir o formulario de solicitude, segundo o modelo PL500C, que se publica como anexo I, e aboar a taxa correspondente. No formulario de solicitude deberán indicar a proba ou as probas a que solicitan presentarse, así como a localidade, e dirixilo á Secretaría Xeral de Política Lingüística.

As persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33 % que as imposibilite para acreditar algunha das destrezas comunicativas (comprensión oral, expresión oral, comprensión escrita, expresión escrita) poderán solicitar motivadamente a exención da realización da proba ou probas referidas a esas destrezas.

O prazo de presentación das solicitudes, así como o de pagamento da taxa correspondente aos dereitos de exame, será de 7/03/2023 – 27/03/2023

MAIS INFORMACIÓN: DOG Núm. 45 Luns, 6 de marzo de 2023

RESOLUCIÓN do 28 de febreiro de 2023, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se convocan as probas para a obtención dos certificados de lingua galega, niveis Celga 1, 2, 3 e 4, no ano 2023 (**código de procedemento PL500C**).

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230306/AnuncioG0655-010323-0001_gl.pdf

As sedes e horarios para desenvolver as probas publicaranse na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>) xunto coas listaxes definitivas das persoas admitidas.